


Nome:

Data:



O VAQUEIRO

O vaqueiro perdeu o seu cabalo na montaña á noitiña.

1.- *Que perdeu o vaqueiro?*

2.- *En que lugar o perdeu?*

3.- *Cando perdeu o seu cabalo?*

4.- *Como se chama a femia do cabalo? Colorea*

GATA

ÉGUA

COELLA

CADELA

Nome: _____

Data: _____



A MONTAÑA RUSA

Os irmáns Roi e Antía soben á montaña rusa na feira que hai na súa cidade.

1.- *Como se chaman os irmáns?*


2.- *A onde soben?*

3.- *Que son Roi e Antía?*

4.- *Onde está a feira?*

Nome:

Data:



A CAMA

Mamá ensinoulle ao meu irmán a facer a cama todas as mañás cando se levanta.

1.- *Quen fai a cama?*

2.- *Quen lle ensinou a facer a cama?*

3.- *Cando fai a cama o meu irmán?*

4.- *Quen fai a túa cama na túa casa?*

Nome:

Data:



A CANTANTE

A cantante actuou co seu grupo durante cinco horas no escenario, utilizando un micrófono vello.

1.- *Quen actuou?*


2.- *Cantas horas estivo cantando?*

3.- *Onde actuou a cantante?*

4.- *Que utilizou para que se lle escoitara mellor?*

Nome:

Data:



A LIBELIÑA

A libeliña vivía nunha poza de Guitiriz, preto de Lugo. Estaba todo o día papando mosquitos e, o verán pasado, papara unha cría de peixe.

1.- Onde vivía a libeliña?

2.- De onde está preto Guitiriz?

3.- Que papaba todo o día a libeliña?

4.- Cando papara unha cría de peixe?

Nome:

Data:



**CANTOS
CACHARROS!**

Belén daba moitas festas. Invitaba aos seus amigos e amigas. O problema era que despois da festa tiña que lavar todos os cacharros no fregadeiro.

1.- *Que daba Belén?*


2.- *A quen invitaba Belén ás súas festas?*

3.- *Cal era o problema que tiña Belén?*

4.- *Onde lavaba os cacharros?*

Nome:

Data:



A LAVADORA

Cosme mercara unha lavadora nova do trinque. Tiña tres botóns e unha pequena pantalla dixital. Coa nova lavadora podía lavar oito quilos de roupa diarios.

1.- *Que mercou Cosme?*


2.- *Cantos botóns tiña a lavadora de Cosme?*

3.- *Como era a pequena pantalla da lavadora?*

4.- *Cantos quilos podía lavar Cosme diariamente?*

Nome: _____

Data: _____



**UNHA LATA
DE SARDIÑAS**

Cando o xoves Alexandra abriu a lata de sardiñas levou un gran susto. A lata tiña nove sardiñas e... estaban vivas! Así que as colleu e as levou de volta ao mar.

1.- *Cando abriu a lata de sardiñas Alexandra?*

2.- *Cantas sardiñas había na lata?*

3.- *Como estaban as nove sardiñas?*

4.- *Que fixo Alexandra coas sardiñas?*

